



C O N C E L L O  
DE  
**M E A Ñ O**  
C. P. 36968  
(PONTEVEDRA)

**REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE  
UNIÓNS DE FEITO DO CONCELLO DE MEAÑO.-**

**Exposición de motivos.-**

As novas circunstancias sociais que nos últimos tempos están modificando o que tradicionalmente se veu a denominar o modelo de familia nuclear obrigaron ás diversas administracións públicas a reconsiderar o modelo xurídico e administrativo para incluír a figura das unións de feito non matrimoniais.

O libre desenvolvemento da personalidade e da igualdade ante a lei dos cidadáns que constitúen principios fundamentais do noso ordenamento xurídico e social demandan dos poderes públicos a promoción das condicións para que esta liberdade e igualdade das persoas e dos grupos nos que e integran sexan reais e efectivas, debendo ser removidos os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude (art. 1.1, 9.2, 10.1 e 14 da Constitución Española).

**Artigo 1º.- Obxecto.-**

O obxecto do presente Regulamento é a regulamentación da organización e funcionamento do Rexistro Municipal de unións de feito non matrimoniais do Concello de Meaño. Este rexistro ten carácter administrativo en el poderán incluírse as unións non matrimoniais de convivencia na forma e cos requisitos que se sinalan no presente regulamento.

Este rexistro réxese polo establecido no presente regulamento e polas demais normas que sexan de aplicación conforme á lexislación vixente.

**Artigo 2º.- Ambito de aplicación e requisitos.-**

Poderán instar a súa inscrición no rexistro, aquelas parellas, tanto heterosexuais como homosexuais, que polo seu libre e pleno consentimento constitúan unha unión de feito non matrimoniais de convivencia estable, e sexan maiores de idade e que estean empadroados no Concello de Meaño e reunir ademais os seguintes requisitos:

- Non estar declarados incapaces por sentenza xudicial.
- Non ter relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en liña recta ou colateral en segundo grado.
- Non estar suxeito a ningún tipo de vínculo matrimonial.
- Non figurar inscrito como membro doutra unión de feito non matrimonial non cancelada.

**Artigo 3º.- Declaración e actos inscribibles.-**



C O N C E L L O  
DE  
**M E A Ñ O**  
C. P. 36968  
(PONTEVEDRA)

Serán o obxecto de inscrición a declaración da existencia, modificación ou extinción das unións de feito non matrimoniais de convivencia estable a que se refire este regulamento.

No asento da primeira inscrición ou de declaración da existencia de unión de feito poderán facerse constar cantas circunstancias relativas a súa unión persoal manifesten as persoas que comparecen.

As inscricións que se refiran á terminación ou extinción da unión practicaránse por morte ou declaración de defunción dun dos seus membros, de común acordo da parella, por decisión unilateral dun dos seus membros, separación de feito de máis de seis meses ou por matrimonio de, alomenos, un dos seus membros; sendo bastante para a extinción da unión a declaración feita por un deles, segundo Modelo Anexo II.

Artigo 4º.- Voluntariedade.-

A inscrición no presente rexistro ten carácter voluntario.

Artigo 5º.- Inscrición e documentación.-

A primeira inscrición de cada parella producirase mediante a comparecencia persoal e conxunta dos dous membros perante a/o funcionaria/o que se encargue deste Rexistro, para declarar a existencia entre eles dunha unión de convivencia non matrimonial, segundo o Anexo I que se achega, acompañando neste acto a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI dos solicitantes.
- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade para contraer matrimonio, relativas á menor idade, parantesco por consanguinidade e imposibilidade para a manifestación do consentimento (segundo modelo Anexo III)
- Certificado de empadroamento e convivencia.
- Fotocopia de sentenza ou separación, si algún dos membros da unión, estivo casado con anterioridade.
- No caso de extranxeiros, copia do permiso de residencia ou da solicitude de telo en trámite.

Cumpridos os requisitos establecidos dictarase a correspondente Resolución da Alcaldía dispoñendo a inscrición solicitada no libro de rexistro, ou no seu caso, a denegación motivada.

Artigo 6º.- Efectos.-





C O N C E L L O  
DE  
**MEAÑO**  
C. P. 36968  
(PONTEVEDRA)

A inscrición no Rexistro Municipal de Unións de Feito non matrimoniais do Concello de Meaño, acreditará a constitución, extinción e resto das declaracións relativas ás unións, sen prexuízo de proba en contrario.

Artigo 7º.- Publicidade.-

Co fin de garanti-la intimidade persoal e familiar das/os inscritos no Rexistro, non se dará publicidade ningunha ó contido dos asentos, agás as certificacións que expida o funcionario/a que se encargue do Rexistro a instancia exclusivamente de calquera dos membros da unión interesada ou dos xuíces ou Tribunais de Xustiza.

Artigo 8º.- Organo competente.-

O Rexistro Municipal de Unións de Feito non matrimoniais estará a cargo da Secretaria-Interventora do Concello de Meaño. O Rexistro materializarase nun libro xeral no que se practicarán as inscricións ás que se refiren as normas precedentes.

As devanditas inscricións reflectirán o contido da declaración conxunta feita con anterioridade pola parella na folla asinada por ela.

O libro estará formado polas solicitudes de inscrición efectuadas polos comparecentes ante a Secretaria-Interventora do Concello, as cales numeraranse e serán rubricadas polo Sr. Alcalde.

A primeira inscrición de cada parella terá o carácter de inscrición básica, debendo anotarse e unirse á mesma tódalas variacións que se comuniquen ó longo do tempo.

Disposición Final.-

O presente Regulamento, do que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada ....., entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo a que se refire o art. 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogaión expresa.



C O N C E L L O  
DE  
**ME A Ñ O**  
C. P. 36968  
(PONTEVEDRA)

**ANEXO II**

**COMUNICACIÓN DE MODIFICACIÓN DA INSCRIPCIÓN INICIAL**

En Meaño, ás                      horas do día      de                      de 2005.

**COMPARECE:**

Don/a  
Maior de idade, nado/a o                      de                      de                      , en  
Con DNI nº                      , con nacionalidade  
empadroado/a no municipio de

**MANIFESTA:**

1º Que dende o día                      de                      de                      está inscrita a súa unión de convivencia non matrimonial, con data no libro rexistro municipal de parellas de feito do Concello de Meaño.

2º Que dende o día                      de                      de                      ten finalizada esta convivencia.

3º Que                      fixa o seu domicilio en                      en réxime do que presenta certificación de empadramento.

**SOLICITA:**

1º Se proceda á anotación correspondente no libro rexistro de parellas de feito do Concello de Meaño, da finalización da súa unión de convivencia non matrimonial.

2º Que se expida, certificación da variación comunicada.

O/OS COMPARECENTES

O/A FUNCIONARIO/A



C O N C E L L O  
DE  
**ME A Ñ O**  
C. P. 36968  
(PONTEVEDRA)

**REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO DO EXCMO.  
CONCELLO DE MEAÑO.**

**DOCUMENTACIÓN.-**

- 1º -Fotocopias dos DNI dos solicitantes.
- 2º Declaración xurada de non estar incursos/as en ningunha das cuasas de incapacidade para contraer matrimonio, relativas á menor idade, parentesco por cosanguinidade e imposibilidade para a manifestación do consentimento.
- 3º Certificación de empadramento e convivencia.
- 4º Fotocopia da(s) sentenciam(s) de separación ou divorcio, si algún dos membros da unión, estivo casado con anterioridade.
- 5º No caso de extranxeiros, copia do permiso de residencia ou da solicitude de telo en trámite.



C O N C E L L O  
DE  
**ME A Ñ O**  
C. P. 36968  
(PONTEVEDRA)

**ANEXO I**

**REXISTRO MUNICIPAL DE UNIÓN DE FEITO**

En Meaño, ás ..... horas do día.....de ..... de dous mil cinco.

**COMPARECEN:**

Don/a  
Maior de idade, nado/a o ..... de ..... de ..... co nº de DNI ..... ,  
de nacionalidade ..... empadroado/a no municipio de Meaño, na rúa .....

Don/a  
Maior de idade, nado/a o ..... de ..... de ..... co nº de DNI ..... ,  
de nacionalidade ..... empadroado/a no municipio de Meaño, na rúa .....

**MANIFESTAN:**

1º - Que dende o día ..... de ..... de ..... , constituen entre sí  
unha  
unión de convivencia non matrimonial.

2º.- Que fixan o seu domicilio en ..... de ..... de ..... , en Pontevedra, no que  
residen dende o día ..... de ..... de .....

**SOLICITAN:**

1º Que esta unión se inscriba no Rexistro Municipal de Parellas do Concello de Meaño.

2º Que se expida certificación do anteriormente exposto.

OS COMPARECENTES

A XEFA DO SERVICIO



C O N C E L L O  
DE  
**MEAÑO**  
C. P. 36968  
(PONTEVEDRA)

**ANEXO III**

**DECLARACIÓN XURADA**

Don/a maior de idade, nado/a o de  
de en con nº de DNI ,  
nacionalidade , empadroad/a no municipio de Meaño, en

Don/a maior de idade, nado/a o de  
de en con nº de DNI ,  
nacionalidade , empadroad/a no municipio de Meaño, en

Manifestan para os efectos da súa solicitude de inscrición no REXISTRO MUNICIPAL DE UNIÓN DE FEITO do Concello de Meaño, o seguinte:

Non estar incursos en ningunha das causas que invaliden os requisitos para a celebración do matrimonio, referidas á menor idade, parentesco por consanguinidade e imposibilidade para a manifestación do consentimento, e para que así conste, asinan a presente en Meaño a de de dous mil cinco.

Asdo.....

Asdo.....